Novas protestas na Praza de Abastos de Sabarís.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 11 Xuño 2012 17:57



Hoxe ao mediodía os comerciantes de Sabarís volveron a manifestar diante da Praza de Abastos contra o inicio das obras de humanización da Rúa Julian Valverde durante a tempada estival. Segundo os comerciantes o traslado da tradicional feira dos luns -consecuencia do inicio das obras-, volveu a prexudicar as ventas do día, nomeadamente as da Praza de Abastos, onde informan que os praceiros deberon retornar as súas casas coa maioría da mercancía sen vender.